

ENFERMEIRO/A
2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 3 horas.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
9. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es , logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. En relación coa elección do mellor acceso vascular para a inserción dun catéter endovenoso, un dos seguintes enunciados é falso:

- A) Na rede dorsal da man atópanse as veas cefálica e basílica.
- B) Na fosa antecubital atópanse as veas basílica, cefálica e cubital.
- C) No antebrazo atópanse as veas cefálica e mediana antebraquial.
- D) No brazo atópanse as veas basílica e mediana antebraquial.

2. Cales das seguintes son complicacións tardías das ostomías?:

- A) Estenose, sangrado, necrose e afundimento.
- B) Estenose, necrose, prolapso e hernia paraestomal.
- C) Estenose, dehiscencia, malposición e alteracións cutáneas.
- D) Estenose, complicacións cutáneas, prolapso e hernia paraestomal.

3. Cal é a definición correcta de Área de Saúde?:

- A) Delimitación xeográfica que serve de referencia para a actuación do equipo de atención primaria.
- B) Circunscrición administrativa que agrupa un conxunto de centros e profesionais de atención primaria baixo a súa dependencia organizativa e funcional.
- C) Estructuras físicas e funcionais que posibilitan o desenvolvemento dunha atención primaria de saúde.
- D) Estructura organizativa de xestión asistencial de centros de saúde.

4. Sinale a opción incorrecta ao respecto da Síndrome de Guillain-Barré:

- A) Tamén se coñece por Parálise Ascendente.
- B) Caracterízase por unha debilidade asimétrica, rapidamente progresiva, de comezo proximal e avance distal chegando a afectar á musculatura bulbar respiratoria.
- C) A plasmaférese é o primeiro e único tratamento que probou ser superior ao tratamento de apoio na síndrome de Guillain-Barré.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

5. Sinale a resposta CORRECTA con respecto a tabaco e diabetes:

- A) Fumar reduce o estrés.
- B) O tabaquismo empeora o pronóstico das persoas con diabetes.
- C) Fumar axuda a controlar a depresión.
- D) Fumar axuda a controlar o peso.

6. Ao respecto do "Programa Galego para a detección precoz de enfermidades endocrinas e metabólicas en período neonatal". Sinale a opción correcta:

- A) A proba de cribado consiste na obtención e análise dunha mostra de sangue e dunha mostra de ouriños, co fin de identificar aquelas enfermidades que son obxecto de cribado por parte do Programa.
- B) O Programa establece a obtención dunha mostra de ouriños e dunha mostra de sangue tras 48 horas do nacemento.
- C) No Programa recoméndase que a toma de mostras se realice no domicilio.
- D) Todas as respostas son correctas.

7. A forma de actuar ou de comportarse por aprendizaxe e sobre todo por repetición coñécese como:

- A) Motivación.
- B) Modo.
- C) Reforzamento.
- D) Hábito.

8. Sinale cal dos seguintes son medios directos para a Educación para a Saúde:

- A) Folleto.
- B) Charla.
- C) Clase.
- D) As respostas b) e c) son correctas.

9. En que nivel de prevención situamos as vacinacións sistémicas:

- A) Primaria.
- B) Secundaria.
- C) Terciaria.
- D) Cuaternaria.

10. O EAP (Edema Agudo de Pulmón) é unha urxencia ligada á:

- A) Hipertensión arterial.
- B) Insuficiencia cardíaca.
- C) Hipertensión Portal.
- D) Insuficiencia Hepática.

11. Son funcións das comisións clínicas:

- A) Establecer os indicadores, criterios e estándares.
- B) Realizar a formación continuada do centro.
- C) Acordar obxectivos cos profesionais.
- D) Todas son correctas.

12. Os indicadores de FRITZ, SUNDBARG, BURGDOFER, respecto a que nos informan?:

- A) Do estado de saúde da poboación.
- B) Da mortalidade materna.
- C) Son indicadores demográficos.
- D) Son indicadores de morbilidade de enfermidades infecciosas.

13. Existen unha serie de factores que modifican a absorción dos medicamentos, sinale a incorrecta:

- A) A solubilidade do fármaco.
- B) A concentración do fármaco.
- C) A superficie de absorción.
- D) A temperatura do fármaco.

14. Sinale a resposta INCORRECTA. Os pacientes vistos na consulta deben ser tamén vistos no domicilio cando:

- A) Haxa sospeita de problemas psicosociais (malos tratos, falta de hixiene...).
- B) O paciente cumpra os 65 anos.
- C) Se hai que tomar decisións sobre a súa institucionalización.
- D) Ante unha historia recente de caídas no fogar.

15. Considéranse nenos de baixo peso aos nados por baixo de:

- A) 2.300 gramos.
- B) 2.000 gramos.
- C) 2.500 gramos.
- D) 2.700 gramos.

16. Que modificacións da pel non aparecen no ancián san?:

- A) Pel seca e fráxil.
- B) O coláxeno faise máis ríxido.
- C) Atrofia das glándulas sebáceas.
- D) Aumento da graxa subcutánea.

17. En relación aos desinfectantes sinale a afirmación correcta:

- A) Para actuar todos os desinfectantes necesitarán un grao de humidade baixo.
- B) A maior concentración do desinfectante, maior actividade. Necesitaremos menos tempo de exposición e será menos irritativo.
- C) As dilucións incorrectas e a caducidade mal controlada alteran o desinfectante.
- D) A menor cantidade de microorganismos, maior tempo de actuación e maior concentración de desinfectantes se necesitará.

18. Cando falamos de taxonomía de diagnósticos enfermeiros, estamos a falar de:

- A) C.I.E.-10
- B) W.O.N.C.A.
- C) NANDA
- D) CIAP-2

19. En relación ao test de Apgar. Sinale a opción correcta:

- A) Se hai xesticulacións ou acenos, a puntuación do neonato é 2 no reflexo de irritabilidade.
- B) Faise cada 5 minutos ata a estabilización do neonato.
- C) Se o corpo do neonato é rosado e as extremidades son azuis, a puntuación é 0 na cor.
- D) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

20. Que tipo de patrón respiratorio adoita aparecer na acidose metabólica?:

- A) Eupnea.
- B) Kussmaul.
- C) Biot.
- D) Cheyne–Stokes.

21. Un dos seguintes parámetros dunha gasometría arterial non é normal:

- A) HCO₃ de 15 mEq/l.
- B) PO₂ de 95 mmHg.
- C) PH de 7,40.
- D) PCO₂ de 40 mmHg.

22. Que nervio procedente do antebrazo se aprisiona ou atrapa dentro do túnel carpiano dando lugar á síndrome do mesmo nome?:

- A) Nervio cubital.
- B) Nervio radial.
- C) Nervio braquial.
- D) Nervio mediano.

23. Sinale a resposta INCORRECTA. Con respecto ás recomendacións dunha dieta de 1500 Kcal:

- A) O consumo de sal e café é libre.
- B) A cantidade de aceite para condimenta-los alimentos de todo o día é de 2 culleradas sopeiras.
- C) As carnes máis recomendadas son: o cabalo, coello, polo sen pel, tenreira, porco e año.
- D) Entre os alimentos prohibidos están o alcol, o mel e os figos.

24. O intercambio de sodio por potasio no túbulo contorneado distal, é controlado por:

- A) Hormona antidiurética.
- B) Renina.
- C) Anxiotensina.
- D) Aldosterona.

25. En relación cos parámetros que valora a escala de GLASGOW, sinale a resposta incorrecta:

- A) Resposta motora.
- B) Resposta verbal.
- C) Resposta pupilar.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

26. Sinale a equivalencia correcta:

- A) 1 TeraByte son 1.024 GigaBytes.
- B) 1 TeraByte son 1.024 MegaBytes.
- C) 1 GigaByte son 1.024 KiloBytes.
- D) 1 PetaByte son 1.024 MegaBytes.

27. Das seguintes enfermidades, cal presentou un maior número de casos en Galicia no ano 2013?:

- A) Varíola.
- B) Parotidite.
- C) Hepatite B.
- D) Tuberculose.

28. Cal dos seguintes medicamentos é un AINE?:

- A) Fentanilo.
- B) Paracetamol.
- C) Tramadol.
- D) Ibuprofeno.

29. Respecto á Nutrición Parenteral, sinala a resposta incorrecta:

- A) Prepárase en cabinas de fluxo laminar.
- B) Débese manipular coa máxima asepsia.
- C) Débese manter en neveira ata a súa administración.
- D) A osmolaridade límite para a nutrición parenteral por vía periférica oscila entre 700 e 900 mOsm/l.

30. Cal das seguintes NON é unha das principais complicacións en pacientes a tratamento de tuberculose pulmonar?:

- A) Ictus post-tratamento.
- B) Hemoptise.
- C) Resistencia aos fármacos.
- D) Toxicidade do tratamento.

31. Cal dos seguintes NON é un signo de reperfusión miocárdica no IAM (Infarto Agudo de Miocardio)?:

- A) Pico precoz da CPK.
- B) Aparición de arritmias cardíacas.
- C) Hipotensión arterial.
- D) Descenso do segmento ST.

32. A taxa de prevalencia e a taxa de incidencia son os indicadores máis importantes da taxa de:

- A) Mortalidade.
- B) Letalidade.
- C) Morbilidade.
- D) Esperanza de vida.

33. A definición de bioética de Tom L. Beauchamp e James F. Childress universalmente aceptada consta de catro principios fundamentais. Sinala o incorrecto:

- A) Principio de protección.
- B) Principio de beneficencia.
- C) Principio de non maleficencia.
- D) Principio de xustiza.

34. Segundo o Real Decreto 16/2012 do 20 de abril, a porcentaxe de achega para as persoas que posúan a condición de asegurado activo e os seus beneficiarios cuxa renda sexa igual ou superior a 18.000 euros e inferior a 100.000 euros consignada no recadro de base liquidable xeral e do aforro da declaración do IRPF, será con carácter xeral:

- A) dun 30% do prezo de venda ao público.
- B) dun 40% do prezo de venda ao público.
- C) dun 50% do prezo de venda ao público.
- D) dun 10% do prezo de venda ao público.

35. Tras a recollida e verificación de todos os datos dun paciente, haberá que organizalos ou sintetizalos para identificar as súas necesidades. A que etapa do proceso de atención de enfermería (PAE) pertence esa organización?:

- A) Valoración.
- B) Diagnóstico.
- C) Planificación.
- D) Avaliación.

36. Cales das seguintes son calidades que debe ter un entrevistador?:

- A) Respeto, concreción, autenticidade e empatía.
- B) Proximidade afectiva entre o paciente e o entrevistador expresada só a nivel verbal.
- C) Capacidade do entrevistador para non delimitar os obxectivos mutuos.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

37. Segundo a European Pressure Ulcer Advisory Panel (EPUAP) e o Grupo Nacional para o Estudo e Asesoramento de UPP e Feridas Crónicas (GNEAUPP), unha perda parcial do grosor da pel que afecta a epiderme, derme ou ambas, considérase:

- A) Estadio I.
- B) Estadio II.
- C) Estadio III.
- D) Estadio IV.

38. A proba que se fai para comprobar que non existe aire no interior do autoclave, denomínase:

- A) Proba de Bowie–Dick.
- B) Proba de atmosfera cero.
- C) Proba de baleiro.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

39. Sinale a resposta INCORRECTA. Segundo a OMS o uso correcto e sistemático do preservativo:

- A) Non está asociado a un menor contaxio de infeccións uretrais en homes.
- B) Está asociado a unha menor transmisión do VIH.
- C) Acelera a regresión das lesións cervicouterinas e do pene causadas por papilomavirus humano e a resolución da infección xenital causada por este en mulleres.
- D) Reduce a transmisión por Clamidia en homes e mulleres.

40. Identificar un problema de saúde, segundo a Clasificación NANDA Internacional, supón:

- A) Formular os diagnósticos da NANDA correspondentes, en función dos diagnósticos médicos que presente o paciente.
- B) Formular un xuízo clínico, tras a correspondente valoración enfermeira, en relación a como responde o paciente, a familia ou a comunidade, a un problema de saúde ou vulnerabilidade.
- C) Valorar, observar, vixiar, coidar e administrar os tratamentos prescritos na folla de ordes clínicas.
- D) Aplicar os protocolos correspondentes, establecidos en función da patoloxía que presente o paciente.

41. Cal das seguintes escalas se utiliza para clasificar a dor?:

- A) Escala de Beck.
- B) Índice de Katz.
- C) Escala de Edmonton.
- D) Escala de Braden.

42. Un paciente con Traumatismo craneoencefálico (TCE) con perda de conciencia maior a 6 horas e GLASGOW 7 sería considerado:

- A) TCE leve.
- B) TCE moderado.
- C) TCE grave.
- D) TCE moi grave.

43. O principal efecto secundario das Antraciclinas é a:

- A) Nefrotoxicidade.
- B) Neurotoxicidade.
- C) Cardiotoxicidade.
- D) Ototoxicidade.

44. Considérase cirurxía contaminada:

- A) Cando se entra nunha cavidade que contén microorganismos pero non hai vertedura significativa.
- B) Cando está perforada unha víscera.
- C) Cando hai unha alteración da técnica estéril e/ou cando ao abrir cirurxicamente derrámase o contido dunha víscera.
- D) Cando os tecidos presentan sinais evidentes de infección.

45. O plan de trastornos adictivos de Galicia 2011–2016 contempla unha serie de variables. Sinala a incorrecta.

- A) Cambios nos perfís dos consumidores de substancias psicoactivas.
- B) Precocidade no inicio do uso dalgunhas substancias e a súa relación co lecer, como o alcol na mocidade.
- C) Incremento dos trastornos mentais asociados aos consumos de substancias psicoactivas que produce unha considerable demanda de atención á patoloxía dual.
- D) Determinación económica dos custos dos procesos.

46. Respecto ás hormonas da xestación, sinala a resposta incorrecta:

- A) A hCG (Gonadotrofina coriónica humana) estimula a produción de estróxeno e proxesterona.
- B) O Lactóxeno placentario ten un efecto similar á insulina: aumenta o metabolismo da glucosa.
- C) O Estróxeno favorece o crecemento das células uterinas.
- D) A Proxesterona inhibe as contraccións uterinas.

47. En epidemioloxía analítica, se o risco relativo é inferior a 1:

- A) Non hai diferencias entre exposición e non exposición.
- B) A incidencia é maior na cohorte exposta.
- C) A exposición asóciase a un efecto protector.
- D) Todas as respostas son incorrectas.

48. En función da DURACIÓN, a dor clasifícase en:

- A) Aguda.
- B) Leve.
- C) Moderada.
- D) Intensa.

49. A clasificación de Fontaine, utilízase para a estadiaxe de:

- A) Úlceras venosas.
- B) Úlceras arteriais.
- C) Úlceras mixtas.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

50. Cal é a definición correcta de Anosmia?:

- A) Perda do sentido do gusto.
- B) Irritación mucosa lingual.
- C) Perda do sentido do olfacto.
- D) Redución parcial do sentido do olfacto.

51. Que volume non pode determinarse nunha espirometría simple?:

- A) Volume de reserva inspiratorio (VRI).
- B) Capacidade inspiratoria (CI).
- C) Volume espiratorio máximo no primeiro segundo (FEV_1).
- D) Volume de reserva espiratorio (VRE).

52. As fórmulas de Nutrición Enteral deben ter unhas características, sinale a resposta incorrecta:

- A) Solubles.
- B) Heteroxéneas.
- C) Estables.
- D) De viscosidade baixa.

53. Cal das seguintes NON é unha posible causa do íleo paralítico?:

- A) Infarto agudo de miocardio.
- B) Bezoar.
- C) Retención aguda de ouriños.
- D) Todas son posibles causas.

54. A entrevista clínica é unha técnica indispensable na valoración de enfermaría, xa que grazas a ela obtemos o maior número de datos. Como se coñece á parte que comeza a partir do motivo da consulta ou queixa principal do paciente e amplíase a outras áreas como o historial médico?:

- A) Cabeza.
- B) Corpo.
- C) Peche.
- D) Iniciación.

55. O erro que cometemos pola variabilidade propia da mostra e que se corrixe aumentando o tamaño da mostra denomínase:

- A) Erro aleatorio.
- B) Rango de selección.
- C) Erro de información.
- D) Rango de confusión.

56. Antes de practicar un lavado de ouídos debemos de consultar a historia clínica en busca dalgunha contraindicación. Sinale cal non é unha delas:

- A) Tinnitus
- B) Otite media
- C) Sospeita de perforación timpánica
- D) Presenza de corpos estraños

57. Colocouse a un paciente unha SNG (sonda nasogástrica) de silicona. Sinale a resposta incorrecta sobre este tipo de sondas:

- A) Non se endurece en presenza de zumes dixestivos.
- B) É un material biocompatible e non tóxico.
- C) Require recambio mensual.
- D) Son ben toleradas polo paciente porque non irritan o tramo nasofarínxeo.

58. Sinale a resposta CORRECTA. Temos un paciente con perfusión de labetalol e.v. que está co monitor cardíaco. Ao longo da quenda observamos unha baixada paulatina da frecuencia cardíaca e evidencia electrocardiográfica do alongamento do segmento P-R:

- A) O labetalol úsase no tratamento da asma bronquial.
- B) Avisamos ao médico, pois o paciente presenta signos de bloqueo, que é un dos efectos adversos do labetalol.
- C) Non hai que darlle importancia aos cambios electrocardiográficos, o labetalol non ten efectos sobre a condución AV (aurículo-ventricular).
- D) Ante estes signos aumentaremos a velocidade de infusión do labetalol.

59. Unha persoa que presenta queimaduras que afectan a ambos os dous membros inferiores na súa totalidade e a rexión do periné, segundo a regra de WALLACE, que superficie corporal queimada suporía?:

- A) 19%
- B) 36%
- C) 37%
- D) 18%

60. Paco, Pedro e Xosé son membros dun equipo profesional. Como se denomina a característica segundo a cal as interaccións entre eles xeran un valor agregado maior que o que se lograría se cada un deles actuara por separado?:

- A) Cohesión.
- B) Complementación.
- C) Complementariedade.
- D) Sinerxia.

61. Se temos unha úlcera por presión con risco de sangrado, que apósito empregariamos?

- A) De carbón.
- B) Alxinatos.
- C) De prata.
- D) Escumas poliméricas.

62. En cal dos seguintes ritmos cardíacos non é útil a desfibrilación:

- A) Taquicardia ventricular sen pulso.
- B) Fibrilación ventricular.
- C) Asistolia.
- D) En ningún dos anteriores.

63. O test de Allen realízase para:

- A) Comprobar se existe unha boa circulación venosa.
- B) Comprobar se hai circulación colateral antes da punción da arteria radial.
- C) Comprobar se hai circulación colateral despois da punción da arteria radial.
- D) Comprobar se existe pulso radial.

64. Antía é unha nai lactante que acode coa súa filla de 4 días de idade ao servizo de urxencias asustada porque perdeu o 10% do peso que tiña ao nacer. Como actuaríamos ante esta situación?:

- A) Recomendariamos suplementos alimenticios, posto que o leite materno non é suficiente.
- B) Tranquilizaríamos á nai xa que se trata dunha perda normal, observaríamos unha toma e se fose preciso corrixiríamos a técnica de aleitar.
- C) Realizaríamos analítica de control á nena.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

65. Cal sería o Diagnóstico de Enfermería, segundo a Clasificación de Diagnósticos de Enfermería de NANDA Internacional 2015–2017, que deberíamos utilizar para o seguinte caso: "Paciente que presenta sensación vaga e intranquilizadora de malestar ou ameaza (xeralmente inespecífica e descoñecida), con sentimento de apreensión causado pola anticipación dun perigo"

- A) Ansiedade.
- B) Dó.
- C) Temor.
- D) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

66. Chega ao mostrador de urxencias un paciente que refire cefalea intensa, dor muscular e calafríos. Estivo traballando nos últimos 15 días en Guinea Conakri. Cal será a PRIMEIRA medida a tomar?:

- A) Chamar ao hospital Meixoeiro dado que é o centro de referencia do ébola en Galicia.
- B) Afastarse do paciente polo menos 3 metros.
- C) Ofrecerlle e pedirlle ao paciente que poña unha máscara.
- D) Non compre criterio epidemiolóxico en canto a antecedentes de posible exposición ao virus do ébola.

67. Cando nunha consulta de enfermaría percibes que unha nai acode repetidamente e de forma innecesaria co seu fillo, simula síntomas e enfermidades do fillo e mesmo pode chegar a administrarlle fármacos. En que patoloxía deberías pensar?:

- A) Trastorno dependente.
- B) Trastorno esquizoafectivo.
- C) Síndrome de Münchhausen por poder.
- D) Síndrome de Capgras.

68. Sinale a resposta INCORRECTA. María é a traballadora social do noso centro de saúde. Na atención domiciliaria correspóndelle:

- A) Analizar a situación sociofamiliar e facer un diagnóstico social.
- B) Informar e orientar sobre os recursos comunitarios da zona.
- C) Controlar e seguir os parámetros biolóxicos do paciente.
- D) Tramitar e xestionar a solicitude de axudas e documentos oficiais.

69. Para a administración de citostáticos por vía periférica seleccionárase preferentemente como primeira opción unha vía en:

- A) Dorso da man.
- B) Pulso.
- C) Antebrazo.
- D) Fosa antecubital.

70. Para a preparación dun volume de 30 ml de anestésico local con vasoconstritor ao 1:200.000, que volume de adrenalina ao 1:1000 precisaría engadir aos 30 ml de anestésico local:


- A) 0,005 ml
- B) 0,1 ml
- C) 0,15 ml
- D) 0,5 ml

71. No caso de extravasación de Cisplatino, sinale a resposta incorrecta:

- A) Débese deter a administración sen retirar a vía.
- B) Débese aspirar a través da agulla para intentar extraer a maior cantidade de produto extravasado.
- C) Se se formaron bochas, non tentar picalas para evitar máis necrose.
- D) Débese administrar Tiosulfato sódico 1/6 molar vía subcutánea na área extravasada.

72. Sinale a resposta incorrecta referente ás posibles vías de administración da nitroglicerina:

- A) Sublingual, transdérmica, endovenosa.
- B) Transdérmica, endovenosa en perfusión.
- C) Sublingual, endovenosa directa.
- D) Endovenosa directa, transdérmica, intratraqueal.



73. Señale a opción correcta respecto da imaxe precedente:

- A) Coñécese como posición cirúrxica de Kraske.
- B) Coñécese como posición cirúrxica de Sims.
- C) Coñécese como posición cirúrxica de Proetz.
- D) Coñécese como posición cirúrxica de Laminectomía.

74. Cal dos seguintes enunciados non é correcto en relación coas feridas?:

- A) As feridas por arrancamento non adoitan sangrar demasiado pero son moi dolorosas.
- B) Nas feridas por arma de fogo, a lesión será maior se o disparo se realiza preto do individuo.
- C) Nas feridas punzantes a dor e o orificio de entrada poden ser mínimos e a hemorraxia pequena, pero con todo pode haber lesións importantes.
- D) Antes de suturar unha ferida infectada por mordedura debemos extremar a limpeza da mesma.

75. Señale a resposta INCORRECTA. No plan de alta de enfermaría dun paciente adulto infectado por VIH as indicacións terán por obxectivo:

- A) Aumentar a calidade de vida do enfermo a través dunha serie de cuidados e recomendacións para evitar o deterioro do seu sistema inmunolóxico.
- B) Ensinarlle as medidas a seguir para non se reinfectar ou infectar a outras persoas.
- C) Indicarlle ao EAP (Equipo de Atención Primaria) o non reingreso en caso do empeoramento da súa enfermidade.
- D) Orientalo sobre do que hai que facer e a onde poder acudir ante determinadas situacións que se lle presenten.

76. Aleixo acode á consulta por unha dor intensa que lle afecta a un lado da cabeza acompañada de rinorrea, sudoración frontal e facial, e importante desacougo. A duración habitual do episodio é de aproximadamente 80 minutos e frecuencia variable. Como se denomina esta entidade?:

- A) Cefalea tensional.
- B) Xaqueca.
- C) Cefalea.
- D) Cefalea en acios.

77. A María diagnosticáronlle anemia ferropénica. Unha amiga deulle unha listaxe de alimentos ricos en ferro. Cal deles é realmente rico en ferro?:

- A) Berberechos.
- B) Aceite de oliva.
- C) Margarina de millo.
- D) Leite enteiro de vaca.

78. Nunha parada cardíaca con que solución non debes administrar pola mesma vía e ao mesmo tempo adrenalina por risco de precipitación:

- A) Bicarbonato sódico.
- B) Ringer lactato.
- C) Soro Fisiolóxico (0.45% NaCl).
- D) Soro glucosado 5%.

79. Elba vai someterse a unha intervención programada con anestesia raquídea no bloque cirúrxico no que vostede traballa. Cal das seguintes é unha contraindicación relativa respecto deste tipo de anestesia?:

- A) Rexeitamento do paciente.
- B) Infección da pel no lugar de punción.
- C) Tatuaxes.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

80. Durante a aspiración de secrecións, sinala a resposta incorrecta:

- A) Débese hiperosixenar previamente.
- B) Débese iniciar a aspiración ao introducir a sonda.
- C) A aspiración non debe durar máis de 10 segundos.
- D) Debemos hiperosixenar ao finalizar.

81. Tras a colocación dunha PEG a un paciente, os cuidados de enfermaría na planta serán:

- A) Non empregar a sonda durante 24 horas.
- B) Non empregar a sonda durante aproximadamente 8 horas, despois poderase pasar medicación pola mesma.
- C) Manter ao paciente en decúbito supino.
- D) Cada 2-3 días debe xirarse a sonda polo menos unha volta.

82. Francisco estivo ingresado no hospital por unha insuficiencia cardíaca descompensada. Dentro das recomendacións á alta están:

- A) Non debe de preocuparse se lle aparece tos seca.
- B) A inchume dos MMII (membros inferiores) é completamente normal.
- C) Dieta hiposódica.
- D) Ter sensación de "falta de vida" entra dentro do normal.

83. Carme ten 50 anos e está preocupada porque lle fixeron unha densitometría hai pouco e dixéronlle que estaba comezando a ter osteoporose. Para garantir a inxestión mínima de 1200 mgr de calcio, aconsellámoslle tomar diariamente:

- A) 2 cuncas grandes (500 cc) de leite semi ou desnatado + 2 iogures desnatados (250 gr.) + 100 gr de queixo fresco tipo Burgos.
- B) 1 cunca grande (250 cc) de leite enteiro + 1 iogur (125 gr) + 100 gr de améndoas
- C) 2 iogures desnatados (250 gr) + 100 gr de figos secos + 250 gr de requeixo
- D) 200 gr de améndoas + 100 gr de chocolate con leite + 100 gr de noces

84. Dentro das actividades a realizar en canto á atención á familia dun enfermo terminal NON está:

- A) Ofrecer dispoñibilidade.
- B) Diminuír o número de visitas do persoal sanitario.
- C) Darlle especial atención ao cuidador principal destacando o valor do traballo feito.
- D) Implicar á familia nos cuidados de confort do enfermo.

85. Catuxa traballa como enfermeira nunha unidade de cirurxía xeral dun hospital comarcal. Antes de rematar a súa quenda realiza a medición das drenaxes tipo Jackson-Pratt dos pacientes, refugando os restos polo sumidoiro conectado á rede de saneamento xeral do centro sanitario. É correcta a actuación de Catuxa?:

- A) Non, segundo o decreto 460/1997 os residuos corporais, sangue e hemoderivados en forma líquida deben ser considerados como residuos sanitarios especiais (Clase III), sendo tratados mediante incineración, desinfección ou outros tratamentos que garantan a eliminación dos xermes patóxenos e a protección da saúde pública e do ambiente como, por exemplo, a esterilización.
- B) Si, a condición de que se trate de cantidades inferiores a 100 ml e o/a usuario/a non estea afectado/a por algunha das enfermidades infecciosas relacionadas no anexo I do decreto 460/1997.
- C) Non, a opinión que predomina no ámbito internacional (Centers for Disease Control, Ministerio de Sanidade do Canadá, Ministerio de Medio Ambiente de Holanda, OMS, etc.), é que o mellor método de eliminación do sangue, derivados e secrecións orgánicas é sometelos a un proceso de incineración.
- D) As respostas a) e c) son correctas.

86. Sinale a resposta INCORRECTA. A atención de enfermaría ao paciente hipertenso basearase en:

- A) Manter as cifras tensionais por debaixo de 145/100 mmHg.
- B) Educar no cumprimento das medidas de control da HTA.
- C) Previr as complicacións da HTA.
- D) Capacitar ao hipertenso para o seu autocoidado.

87. Uxía é unha enfermeira que cobre vacacións nun centro de saúde no estío. O primeiro día de traballo decátase que a temperatura do frigorífico onde están almacenadas as vacinas é de 35°C, sen rexistro en gráfica diaria de temperatura nas últimas 72 horas, sendo a última temperatura rexistrada de 8°C. Sinale a acción correcta a desenvolver por parte de Uxía:

- A) Avisar ao responsable do punto de vacinación do centro, quen terá que tomar a decisión de que facer coas vacinas afectadas.
- B) Comprobar o aspecto físico dos produtos, rotular cunha nota "NON UTILIZAR" e retirar do frigorífico en uso as vacinas presumiblemente afectadas almacenándoas a temperatura ambiente.
- C) Refugar todas as vacinas, e realizar novo pedido.
- D) As respostas a) e b) son correctas.

88. Acudimos ao domicilio dun paciente terminal, queremos facer unha valoración da dor. Cal das seguintes escalas sería a máis axeitada?:

- A) ASA
- B) Glasgow
- C) Zarit
- D) EVA

89. Ante unha fractura de peroné inmovilizada mediante xeso, para o seu seguimento, cal das seguintes respostas non é unha complicación que poida presentar?:

- A) Síndrome compartimental.
- B) Distrofia muscular.
- C) Síndrome de desuso.
- D) Úlceras por presión.

90. Se tiveras que realizar a proba da tuberculina a un paciente, que cantidade e vía de administración é a correcta?:

- A) Adminístrase 0.2 ml da dilución de tuberculina PPD que conteña 1 UT por vía intradérmica.
- B) Adminístrase 0.1 ml da dilución de tuberculina PPD que conteña 1 UT ou 2 UT por vía intradérmica.
- C) Adminístrase 0.1 ml da dilución de tuberculina PPD que conteña 1 UT ou 2 UT por vía subcutánea.
- D) Adminístrase 0.2 ml da dilución de tuberculina PPD que conteña 0.1 UT por vía subcutánea.

91. Carlos padece Diabetes Mellitus tipo I. Fai exercicio de forma regular, que precaucións debe tomar?. Sinale a resposta INCORRECTA:

- A) Se a glucemia antes do exercicio é maior de 300 mgr/dl adestrar o dobre.
- B) Evitar o exercicio no pico máximo da acción da insulina.
- C) Se a glucemia antes do exercicio está entre 100–150 mgr/dl pode facer exercicio sen risco.
- D) Se a glucemia é menor de 100 mgr/dl tomar un suplemento (froita, galletas, bebida enerxética) antes do exercicio.

92. No caso dun paciente que se vai a someter a un procedemento médico, en qué suposto non sería necesario obter o consentimento informado:

- A) Cando a non obtención supoña un risco para a saúde pública.
- B) Por ditame xudicial.
- C) Cando a demora poida poñer en risco a vida do paciente.
- D) En todos os supostos anteriores non é necesario obter o consentimento informado.

93. Áine é unha paciente diagnosticada de carcinoma de colón que ingresa na súa unidade para someterse a hemicolectomía programada. Que tipo de dieta inxerirá nos días previos á intervención?:

- A) Dieta rica en residuos e líquida o día anterior á cirurxía.
- B) Dieta proteica e líquida o día anterior á cirurxía.
- C) Dieta pobre en residuos e líquida o día anterior á cirurxía.
- D) Libre.

94. Un paciente con alto risco de desenvolver UPP non require:

- A) Aporte hídrico de 30 cc/Kg de peso/día.
- B) En adultos sans e con normopeso 30 Kcal/Kg de peso/día e 1 gr de proteínas/Kg.
- C) Minerais: Zinc, Ferro, Cobre.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

95. No paciente con IAM. Cal das seguintes actividades sería a CORRECTA a desenvolver para o diagnóstico de enfermaría "Alteración da comodidade R/C presenza de dor precordial"?:

- A) Facer cambios de posición e hidratación da pel c/2-4 horas.
- B) Valorar e avaliar a resposta ao exercicio tendo en conta a PA e a FC.
- C) Explicarlle ao paciente e á súa familia a súa situación actual de saúde e o proceso da enfermidade.
- D) Explicar o ruído que producen os equipos que se usan, especialmente o monitor e as súas alarmas.

96. Xoan é un neonato a termo de 39 semanas de idade xestacional con 72 horas de vida. Á exploración presenta unha tinguadura ictérica rechamante que alcanza a porción distal das extremidades, sendo necesaria a determinación de bilirrubina e hematocrito. Sinale a opción correcta:

- A) Obterase a mostra de sangue mediante punción no calcaño.
- B) A venopunción é o método de elección para a toma de mostras de sangue, cando a realice un/unha enfermeiro/a capacitado/a.
- C) Administrarase entre 0,5ml -2ml de sacarosa ao 12% ou 50% vía oral dous minutos antes para aliviar a dor de punción.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

97. Son indicacións da sondaxe vesical, sinale a resposta incorrecta:

- A) Recoller mostra de ouriños esteril.
- B) Determinar os ouriños residuais despois dunha micción espontánea.
- C) Incontinencia urinaria.
- D) Retención urinaria.

98. Sinale a resposta INCORRECTA. Con respecto á terapia dietética na persoa con diabetes o papel da enfermaría debe centrarse en:

- A) Coñecer os hábitos da persoa.
- B) Coñecer as expectativas do paciente.
- C) Toma de glucemias.
- D) Pactar consensuadamente que capacitación necesita para acadar os obxectivos.

99. Respecto á técnica da sondaxe vesical, non se debe:

- A) Colocar ao paciente home en decúbito supino, en lixeira abdución das súas pernas.
- B) Realizarse con técnica esteril.
- C) Manterase pechado o circuito catéter-bolsa.
- D) A sonda de silicona non estará colocada máis de 21 días.

100. Cal é a dose de cloruro cálcico (en mg/kg) se administramos unha ampola de 3cc (100 mg/cc) a un neno de 3 kgs de peso?:

- A) 50 mg/kg
- B) 10 mg/kg
- C) 100 mg/kg
- D) 300 mg/kg

101. Unha paciente con preeclampsia leve, non presentará:

- A) TA maior de 140/90 mmHg.
- B) Edemas.
- C) Síndrome de HELLP.
- D) Proteinuria.

102. Antonio ten un IMC (Índice de Masa Corporal) de 41.42, que corresponde con Obesidade Tipo III. Dentro das actuacións de enfermaría na fase do diagnóstico NON está:

- A) Recoller e usar a información necesaria para establecer un plan educativo axeitado ao paciente.
- B) Rexistrar a evolución.
- C) Establecer xunto co paciente o peso ao que se vai chegar nun determinado prazo de tempo.
- D) Elaborar conxuntamente co paciente o plan dietético e o conxunto de actividades físicas a levar a cabo.

103. Iago, paciente de 83 anos, acaba de ser ingresado na súa unidade de hospitalización presentando unha síndrome confusional aguda. Esta síndrome caracterízase por:

- A) Un déficit de memoria sen alteración da conciencia.
- B) Alteracións da conciencia sen cambio nas funcións cognoscitivas.
- C) É irreversible.
- D) Síntomas fluctuantes ao longo do día.

104. A perda involuntaria de ouriños que se produce porque a vexiga se atopa distendida por obstrucción e imposibilidade de baleirado denomínase:

- A) Incontinencia urinaria de esforzo.
- B) Incontinencia urinaria de urxencia.
- C) Incontinencia urinaria por desbordamento.
- D) Incontinencia urinaria obstrutiva.

105. Adegá presenta unha demencia de posíbel etiología Alzheimer de dez anos de evolución. No día de hoxe amosa inapetencia alimentaria, sopor, roncus e sibilancias á auscultación, ausencia de tose e expectoración, temperatura de 36,6°C. De que proceso patolóxico debemos sospeitar?:

- A) Deterioro progresivo da súa demencia.
- B) Pneumonía.
- C) Trastornos musculoesqueléticos.
- D) Deshidratación.

106. A manobra de Credé está indicada en:

- A) Incontinencia urinaria de esforzo.
- B) Incontinencia urinaria funcional.
- C) Incontinencia urinaria de causas neurolóxicas.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

107. Unha solución de 100 ml contén 20 mgs de medicamento, que cantidade de solución é necesaria para administrar 13 mgs de medicamento?:

- A) 55 ml
- B) 60 ml
- C) 65 ml
- D) 70 ml

108. Andeca é un home de 80 anos, que se atopa ingresado na Unidade de Medicina Interna onde vostede traballa. Hoxe comezou con nutrición enteral por SNG. Cal destas accións estaría indicada para previr a broncoaspiración?:

- A) Lavar a sonda con auga despois de cada toma.
- B) Comprobar o contido gástrico residual antes de administrar a dieta.
- C) Diminuír o ritmo de administración da fórmula.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

109. Ante un paciente ao que lle debes administrar adrenalina (epinefrina), debes de coñecer as vías de administración. Unha das seguintes é incorrecta:

- A) Intratraqueal.
- B) Subcutánea.
- C) Transdérmica.
- D) Intramuscular.

110. Acode á consulta unha paciente de 28 anos para revisión da ferida da cesárea. Dálle o peito ao seu bebé e pídenos consello sobre que método anticonceptivo sería o máis axeitado no seu caso. Sinala a resposta INCORRECTA:

- A) Métodos barreira
- B) Implante subdérmico
- C) Inxección trimestral de proxesterona
- D) Anticoncepción hormonal combinada estróxeno+proxestáxeno